



aulas libres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

11

aulas libres nº 11

Galiza, Novembro de 2018

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618


Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse a 6 de novembro de 2018.

aulas libres 11



2 poema
Bertold Brecht

3 editorial
Permanente do STEG

4 acción sindical
Permanente do STEG

7 5 de outubro: día mundial
das/dos docentes
Asemblea de Mulleres do
STEG

8 11 de outubro: día
internacional das nenas
Asemblea de Mulleres do
STEG

9 manifesto 25N
Asemblea de Mulleres do
STEG

10 obradoiro de autismo e
sexualidade
Beatriz Gómez Felipe

11 xornadas sobre autismo
Marta Pérez González

12 I congreso de coeducación
Sonia Fernández Casal

13 caderno
eleccións sindicais
4/12/2018

21 entrevista:
Manuel Bragado
Lois Pérez
Emilio X. Ínsua

25 experiencias de aula:
outro cantar
Olalla Liñares García

26 para ver, para ouvir,
para ler
Emilio X. Ínsua

32 texto literario
Manuel Álvarez Torneiro

louvor do aprender

Aprende o mais simples! Pra aqueles
Cujo tempo chegou
Nunca é tarde de mais!
Aprende o abc, não chega, mas
Aprende-o! E não te enfades!
Começa! Tens de saber tudo!
Tens de tomar a chefia!

Aprende, homem do asilo!
Aprende, homem na prisão!
Aprende, mulher na cozinha!
Aprende, sexagenária!
Tens de tomar a chefia!

Frequenta a escola, homem sem casa!
Arranja saber, homem com frio!
Faminto, pega no livro: é uma arma.
Tens de tomar a chefia.

Não te acanhes de perguntar, companheiro!
Não deixes que te metam patranhas na cabeça:
Vê c'os teus próprios olhos!
O que tu mesmo não sabes
Não o sabes.
Verifica a conta:
És tu que a pagas.
Põe o dedo em cada parcela,
Pergunta: Como aparece isto aqui?
Tens de tomar a chefia.

Bertold Brecht

Lendas, Parábolas, Crónicas, Sátiras e outros Poemas
Tradução de Paulo Quintela

Mentres corre polo mundo unha onda neoliberal e de dereitismo autoritario xa sen máscaras que ameaza con levar por diante dereitos e liberdades traballosamente conquistados durante décadas e mentres no propio Estado español a recomposición do espazo da dereita post-Mariano Raxoi parece facerse a golpe de inoculacións de odio ao emigrante e ao discrepante, revivals de doutrina joseantoniana e patrioteirismo da máis baixa estofa, o ensino padece no día a día os fétidos efectos desa lei que naceu morta, a L.O.M.C.E., que segue sendo implementada con acrítico entusiasmo nas comunidades autónomas en que goberna o PP, mais que conta tamén coa actitude indecisa ou inexplicabelmente timorata daquelas forzas que deberían colocar a súa derogación ou, alternativamente, a súa profunda modificación urxente na axenda de prioridades do período lexislativo aberto tras a triunfante moción de censura.

Demasiadas promesas de cambios en materia educativa e de dereitos laborais do profesorado feitas polo executivo que preside Pedro Sánchez no momento de conformarse continúan no limbo parlamentario e/ou gubernamental, agardando non se sabe ben qué para seren levadas a cabo. A publicación nestes días de comezos de novembro dun documento ministerial que contempla os aspectos fulcrais a modificar da LOMCE pode ficar convertido nun puro brinde ao sol se non hai maiores doses de valentía política e se non se acompaña das previsións orzamentarias pertinentes.

Da mudanza operada á fronte da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia pouco é o que podemos aplaudir, aínda que quixésemos, vista a liña de romo continuísmo que a nova titular despregou desde o primeiro día e visto que os resortes desa Consellaría seguen en mans dos mesmos nomes que veñen definindo a política educativa do goberno Feixóo desde hai ben anos. Pouco ou nada parecen dispostos a exercer a autocrítica, mesmo que desde informes independentes se poña en evidencia

o absoluto fracaso do seu “decreto de plurilingüismo”, que desde instancias xudiciais se condene o nepotismo e enchufismo con que actuaron na concesión de determinadas prazas ou que ficase clara no comezo deste curso 2018/19 a súa tendencia á improvisación e á incompetencia a propósito do proceso de concesión das cantinas/cafetarías escolares.

Con todo e con iso, non declinaremos a oferta de reunión que nos foi cursada pola nova titular da Consellaría e acudiremos ao seu encontro cun avultado cartafol de demandas e reivindicacións en todos os planos que afectan ao ensino público e ás nosas propias condicións de traballo.

Coas eleccións sindicais de ensino do vindeiro 4 de decembro de 2018 á vista, o STEG ofertará ao profesorado as súas candidaturas novamente nas catro circunscricións provinciais galegas, insistindo na súa aposta por un modelo de sindicato de clase, reivindicativo, verdadeiramente asembleario e independente de calquera sigla política e reiterando como principios irrenunciábeis a defensa dun ensino público, galego, laico, coeducador e de calidade. Durante os últimos catro anos, o STEG levou ás catro Xuntas de Persoal Docente Non Universitario provinciais numerosas reivindicacións, demandas e queixas do profesorado e dos centros educativos, formulou infinidade de peticións diante da Consellaría, participou en mobilizacións e plataformas, elaborou propostas de resolución para deixar ben claro que “outro ensino é posíbel”. Agora, orgulloso do traballo feito mais tamén consciente do moitísimo que queda aínda por facer, STEG somete todo ese labor ao ditame dun profesorado ao que solicita novamente apoio para consolidar e alargar a súa presenza nos órganos de representación.

COA UNIDADE EMPEZAS O CAMBIO.
ÚNETE AO STEG.

inicio de curso 2018/19 o discreto encanto da *normalidade*

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

O presente curso botou a andar e á Consellaría de Feijóo faltoulle tempo para anunciar nos medios de comunicación - algúns, por certo, moi ben subvencionados polo actual goberno da Xunta - que “o actual curso comezou con total *normalidade*”.

Dende o STEG agradecemos este acto de sinceridade, o de observar o que acontece no ensino e xulgalo como “normal”. Porén, neste acto de sinceridade reside un dos problemas máis serios que ten a escola pública no noso país: concluir que as graves deficiencias, agresións e anomalías que está a padecer o ensino público poidan ser consideradas como normais, é dicir, non pasa nada; é dicir, querer inducir a cegueira á cidadanía ademais de padecela.

O STEG non comparte este optimismo *panglossiano* que amosa a Consellaría. Como cada comezo de curso co goberno do PP na Galiza, isto significou para os centros públicos de ensino do noso país novos problemas, repetición dos que xa había, máis recortes, menos profesorado e por tanto unha maior precariedade nun eido fundamental para a nosa vida en sociedade. Neste contexto, para o STEG resulta fundamental, en primeiro lugar, incidir na necesidade de reverter as políticas educativas que vimos padecendo dende hai un lustro e fronte ás cales agora puidese tomar outro rumbo (polo menos no Estado) a nova maioría parlamentaria.

Así, é urxente poñerlle fin á política de recortes que se iniciou coa crise económica, e que acadou o seu momento álxido con varios puntos dos reais decretos do 2012 que aínda continúan en vigor (malia que algúns outros xa foron derogados). Esta reivindicación, pola que veu loitando toda a comunidade educativa nos últimos anos, cobra este curso unha nova dimensión por este cambio de goberno, que debera

traducirse noutras políticas alternativas ás realizadas polo anterior do Partido Popular.

Para o STEG, o curso que acaba de botar a andar ten que ser o curso en que, canda á demanda xeral de aumento do investimento público educativo, se recupere o poder adquisitivo das traballadoras e traballadores do ensino e as condicións de traballo que había antes dos decretos referidos: diminuír o horario lectivo do profesorado; acabar co abuso das ratios escolares e restablecer as condicións que tiñan as/os ensinantes maiores de 55 anos, medidas todas elas que facilitarían un aumento dos cadros de persoal docentes; así mesmo, mellorar os permisos e licenzas, acabar coas penalizacións económicas polas baixas médicas e cumprir con rigor as normativas sobre saúde laboral, que son outras reivindicacións fundamentais.

Ademais, debemos sinalar as graves problemáticas do país, iso que a Consellería xulga *normal*:

O peche das escolas do rural, ao que debemos sumar a non optatividade nos seus centros de secundaria coa excusa da escasa demanda, debilitando aínda máis un eido especialmente castigado por esta crise/estafa e polos actuais modelos de crecemento.

A deficiente xestión do transporte en xeral e a do transporte integrado en particular, non podendo asignar paradas para o novo alumnado de forma oficial, quedando sen cobertura legal de ningún tipo en caso de accidente.

A rocambolesca situación das cafetaría dos centros públicos de ensino; por riba do nefasto do proceso de adxudicación, estase a liquidar a súa función educativa e fundamental tamén para a convivencia dos centros. Así, este curso significa a volta de rosca definitiva, prescindindo do criterio dos centros no proceso de adxudicación e na formulación do prego de condicións, que ocasionará o empobrecemento do comercio da contorna, pasando a xestión das mesmas a mans dos grandes grupos de hostalaría, como xa acontece cos comedores. Non menos grave é a burocracia necesaria para aspirar á concesión, sen pensar nos pequenos comerciantes. Esta política só fomentará máis subemprego e empeoramento do servizo.

Nesta liña, denunciaremos tamén a deriva da xestión indirecta dos comedores escolares, moitos deles nas mans de empresas privadas radicadas a centos de quilómetros do país, sendo o caso máis sintomático agora o de GESCOR, empresa radicada en Salamanca que presenta graves deficiencias por toda a nosa xeografía alí onde opera: importantes débedas con empregadas de comedor, con provedores e profesionais de prestación de servizos, denuncias de carencias alimentarias, reiteración de ingredientes e cobros irregulares das cotas ás familias do alumnado, transporte en taxi dos menús...

O recorte brutal do profesorado, que minguou en case mil cincocentos profesionais dende a chegada ao goberno da Xunta de Núñez Feijoo. Para mostra, as incidencias no IES de Brión ou do CEIP Padre Feijoo de Allariz, ás que a Consellaría fai oídos xordos.

A alarmante diminución nas axudas á promoción da normalización do galego, que deriva nun uso menor do mesmo, incidindo no proceso de substitución lingüística e de desaparición da nosa lingua.

O desleixo e as tesoiradas na atención á diversidade, que se resumen no feito de que as prazas de orientación cada vez veñan con máis afíns, no camiño de converter unha área fundamental do ensino nun caixón *de-sastre*.

A preocupante redución dos contidos humanísticos, convertendo a reivindicación dos mesmos nunha sorte de excentricidade por parte das traballadoras e traballadores do ensino público (quen precisa pensar?).

As ratios por riba do legalmente establecido, sen computar alumnado repetidor, especialmente en centros das provincias da Coruña e Pontevedra, que inflúen moi negativamente no alumnado pero tamén no labor docente das traballadoras e traballadores.

Os criterios para os desdobramentos, diferentes segundo se trate do ensino concertado ou do público, en detrimento deste último.

Pero non só iso, tamén:

A pésima xestión das interinidades e substitucións, alterando o normal desenvolvemento da dinámica de funcionamento dos centros en momentos tan delicados para a súa organización coma o inicio do curso, que se substancia no acontecido na demora das tomas de posesión do profesorado de secundaria ou no non chamamento en infantil e primaria para as substitucións das baixas xa coñecidas dende o 1 de setembro.

Obras inacabadas e deficiencias estruturais nos centros... O normal.

A non substitución das persoas auxiliares de conversa en centros onde é a única dotación que reciben as seccións bilingües.

Así as cousas, rexeitamos este discreto encanto da 'normalidade' no que está instalada a Consellaría no comezo de curso. Para o STEG sería imperdoábel que na actual conxuntura económica e política non se abordasen estas reivindicacións que son de xustiza para o profesorado e que inciden, tanto directa como indirectamente, na calidade do servizo educativo público.

o steg reclamou unha suba salarial que permitise recuperar o poder adquisitivo perdido nos últimos anos.

En datas recentes culminou de forma ben insatisfactoria, ademais de procedimentalmente moi discutíbel, a negociación entre a Administración e varios sindicatos do ensino para actualizar o salario do persoal docente.

A pesar de que STEG reclamou poder participar directamente nesas negociacións, a nosa petición foi denegada co pretexto de que non tiñamos representación na Mesa Sectorial de Educación. Non entendemos os motivos para esa denegación dado que o STEG ten representación nas catro xuntas de persoal docente provinciais e representa a un colectivo de profesorado, en número de votos directos, igual ou maior que o que poderían alegar algunhas das centrais sindicais que estiveron negociando e moi semellante ao dalgunha das dúas que asinaron finalmente un acordo coa Consellería, FETE-UGT e CC.OO. Un acordo, como é sabido, que foi rexeitado de plano pola central maioritaria e que STEG tampouco avala.

Durante o proceso negociador, dende diferentes partes lanzáronse cifras e prazos para esa suba ou “homologación” salarial, pero no STEG non quixemos entrar nese intercambio de números, máis propio dun partido de tenis que dun asunto serio coma as retribucións e os dereitos do persoal docente.

- Desde o STEG entendimos que non se podía comezar unha negociación sobre a suba dos nosos salarios sen recuperar antes o que xa era noso. Poderíase entender que, en época de crise, os salarios non suban, pero non que diminúan!... e, por riba, despois de “superada” a crise, que non se recupere o que nos foi roubado. Esta parte do salario “roubado” corresponde aos complementos específicos das nosas pagas extras durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016; reducións aplicadas só en Galiza de todos os territorios que conforman o Estado.

- Xa existía un acordo de revisión periódica das retribucións das e dos docentes, acordo que a Consellería deixou de aplicar unilateralmente coa escusa dos recortes. O mínimo punto de partida tería sido recuperar ese acordo para poder melloralo.

- Non nos pareceu de recibo, igualmente, fixar a cantidade nunha posición concreta dun ránking entre diferentes territorios. Debemos aspirar sempre a ter unhas retribucións xustas independentemente do que suceda fóra de Galiza.

- O poder adquisitivo perdido nestes cursos é algo obxectivo e cuantificable, xa que o IPC evolucionou nunha curva maior que as nosas retribucións (conxeladas desde 2010 e cunhas subas do IPC do 3,1%; 2,5%; 2,6%; 0,5%; 1,6% e 1,2% en 2010, 2011, 2012, 2013, 2016 e 2017). A Consellería debería ter partido dese punto para iniciar unha negociación xusta e honesta.

-A mellora das condicións de traballo non se debería restrinxir ao meramente económico: deberíase recuperar o horario anterior aos recortes, o dereito a estar de baixa sen que descuenten unha parte do soldo, ou as axudas do fondo de acción social, que foron completamente baleiradas de contido, entre outras medidas.

Todas as condicións que se puxeron enriba da mesa e supuxeron unha rebaixa do anteriormente exposto son, para o STEG, unha merma real das nosas condicións laborais. Por iso, a suba salarial finalmente conseguida polas dúas organizacións sindicais asinantes é, como mínimo, insatisfactoria, por non dicir pírrica.

O noso salario incrementárase linealmente nunha contía de 1.260 €/ano, a razón de 90 € ao mes en catorce pagas, subida retributiva que se empezou a aplicar este pasado mes de outubro e que irá implementándose paulatinamente ata o 2021. Traducido en prata, os e as docentes imos cobrar só 15€/mes máis nos tres últimos meses de 2018, 20€/mes máis durante todo 2019, 25€/mes máis a partir de xaneiro de 2020 e 30€/mes máis en xaneiro de 2021, sen posibilidade xa de negociar melloras ata entón.

Non descansaremos no STEG ata que nos devolvan o que nos roubaron.



5 de outubro: día mundial das/dos docentes

Asemblea de Mulleres do STEG
Organización de Mulleres da Confederación Intersindical

Dende hai 52 anos vense celebrando o día 5 de outubro como Día Internacional da/o Docente, e nesta ocasión aproveitárase para recordar á Comunidade internacional que o dereito á educación implica o dereito a dispoñer de profesorado cualificado. Este tema foi escollido para celebrar o 70 aniversario da Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), que recoñece o dereito á educación como un dereito fundamental. Un dereito que non se pode cumprir sen docentes cualificados.

Dende a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical, da que a Asemblea de Mulleres do STEG fai parte, estamos convencidas de que a educación pode e debe ser o motor de cambio para avanzar na consecución dunha sociedade xusta e equitativa, polo tanto é fundamental contar con docentes non soamente comprometidas/os persoalmente coa educación para o cambio social, senón tamén preparadas/os pedagoxicamente a nivel profesional, para enfrontar os múltiples retos que nos atopamos nos nosos centros.

Esta formación pedagóxica debера darse ao longo de toda a súa traxectoria profesional, e debe deixar de ser un nicho de mercado neoliberal para pasar a ser un servizo formativo de calidade que parta das administracións educativas públicas.

Sobre o dereito á educación, non debemos esquecer a presenza na educación dun importante nesgo de xénero. Segundo datos da UNESCO, no mundo hai 495 millóns de mulleres en condición de analfabetismo, dos que 36 millóns son nenas. Ademais, un dos principais desafíos deste dereito a escala mundial segue sendo a carencia de docentes. Estímase que, en total, 264 millóns de nenas/os e xoves non están escolarizadas/os e segundo o Instituto da UNESCO sería preciso contratar uns 69 millóns de novos docentes para chegar aos obxectivos da educación primaria e secundaria de aquí a 2030.

Non podemos obviar este día que o persoal docente é, maioritariamente, feminino. E por isto que dende a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical e a Asemblea de Mulleres do STEG celebramos a nosa constancia nos nosos postos de traballo e nos nosos itinerarios formativos, a pesar dos hándicaps e desigualdades que atopamos derivadas da xestación e da maternidade (especialmente as profesoras interinas e funcionarias en prácticas) que conlevan unha perda do seu posto de traballo ou da antigüidade fronte aos seus compañeiros varóns, ademais da falla de oportunidades e de tempo pola falta de corresponsabilidade nos coidados...

Independentemente de todos estes problemas, debemos celebrar, todas e todos, que somos capaces de superar as dificultades e facer noso o lema do ano, continuando coas boas prácticas.

11 de outubro: día internacional das nenas

Asemblea de Mulleres do STEG
Organización de Mulleres
da Confederación Intersindical



Desde a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical e desde a Asemblea de Mulleres do STEG queremos sumarnos á celebración do Día Mundial das Nenas, entendendo este día como o axeitado para alentar os estados e organismos internacionais a traballar e sacudir as consciencias da cidadanía. A situación das nenas en moitos lugares do mundo é crítica e non será posible chegar ao progreso da Humanidade se se mira cara ao outro lado e non se toman medidas urxentes a escala global.

As nenas sofren na base dobre discriminación: son menores e son mulleres. Demasiado a miúdo, a estas dúas facetas engádenselle outras como a orixe, a relixión, a pobreza, que non veñen máis que acrecentar as desigualdades. En países en vías de desenvolvemento, moitas son olladas como un medio que ten a familia para diminuír as súas penurias, o que fai que unha de cada sete nenas menores de quince anos sexan casadas á forza. Segundo as Nacións Unidas, só durante este ano corrente 12 millóns de mulleres menores de 18 anos contraerán matrimonio. Ao mesmo tempo, a OMS pon a voz de alarma en que, cada ano, máis de tres millóns de nenas están en risco de ser vítimas da mutilación xenital

feminina, aumentando a cifra estimada de 200 millóns de nenas e mulleres vivas que xa a padeceron. E por se isto non abundase, as redes de tráfico de persoas cébanse na vulnerabilidade das nenas, e pasan a encher os petos a través de mafias de prostitución que actúan impunemente e sen fronteiras.

Sen dúbida, o foco debe pórse na importancia do dereito á educación das nenas, como garante do seu apoderamento e da súa emancipación. Dende 2013, o número de nenas escolarizadas no mundo vai descendendo, o que debería ser considerado unha auténtica catástrofe, e como consecuencia tratado coa urxencia máxima de xeito coordinado por todos os organismos internacionais.

O patriarcado é implacable no seu empeño por perpetuar os estereotipos, os roles e as desigualdades de xénero e exerce a súa presión máis brutal sobre as mulleres novas para amoldalas aos seus intereses, desposuíndoas de dereitos e de liberdades. Por iso a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical e a Asemblea de Mulleres do STEG esiximos que se protexa as nenas de todo o mundo sen pretextos e sen pausa porque son o futuro, porque elas merecen vivir unha vida mellor, porque serán o motor da nosa loita futura.

25 de novembro de 2018

xuntas e combativas contra a violencia patriarcal

Asemblea de Mulleres do STEG

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG un ano máis temos que conmemorar o **25 de novembro** e lembrar ao mundo enteiro que a violencia cara ás mulleres non cesa.

Desde que se recollen datos relativos ás mulleres vítimas de terrorismo machista foron asasinadas 950. No que vai do ano 2018 foron asasinadas 39 mulleres, sen contabilizar aquelas asasinadas fóra das relacións de parella, neste caso o número ascende a 77, e é alarmante o crecemento de asasinatos de menores polos seus pais: 8 nenas e 2 nenos coa única intención de facer o maior dano posible á súa parella ou ex parella. Estes datos están recollidos con data do 5 de outubro. (<https://feminicidio.net/>).

Posiblemente neste momento xa aumentou o número de vítimas, pois o terrorismo machista non cesa e semella ser o suficientemente importante na sociedade: nas estatísticas do CIS sobre os principais problemas en España, a violencia cara as mulleres ocupa o posto 18 <https://goo.gl/sj6iAQ> Cal é a orixe desta falta de preocupación? A orixe está nunha **sociedade patriarcal** onde o home, polo simple feito de ser home, nace cuns privilexios que as mulleres non acadaremos sen unha gran loita e unha gran revolución. Aínda é común na sociedade a percepción de que a violencia cara ás mulleres nas relacións de parella é algo **privado** e que non debemos meternos. Tamén está socialmente instaurada a idea de que a muller pasa a ser **“dependente”** do marido en canto comezan relacións de parella. Os **estereotipos patriarcais** están tan enraizados que ás veces semella imposible que poidan ser erradicados.

O único camiño para eliminar a violencia machista é un cambio social onde as mulleres teñamos **os mesmos dereitos e sexamos consideradas cidadás de primeira**, como os homes. Unha sociedade onde non sexa necesario falar de **cotas** para que as mulleres asuman postos de responsabilidade nas empresas. Unha sociedade onde non se cuestione continuamente a valía das mulleres e onde non se someta a escrutinio o noso aspecto físico. Unha sociedade onde **os roles sexistas desaparezan**. Unha sociedade onde a **xustiza patriarcal** non exista e nos sintamos realmente protexidas. Como

van denunciar as mulleres que sofren algunha violencia machista se as persoas que teñen a obriga que protexelas por careceren de formación de xénero as tratan como culpables e non como vítimas?

As mulleres estamos fartas de ser cidadás de segunda, estamos fartas de que non se nos teña en conta e non se nos valore, estamos fartas de estar sempre cuestionadas e continuamente examinadas. Por iso **estamos a tomar as rúas** e estémonos facendo oír, estamos a aliarnos porque sabemos que **xuntas somos máis fortes**. Saímos á rúa o pasado 8 de marzo para demostrar que sen nós o mundo para. Ocupamos as rúas para denunciar a xustiza patriarcal en casos como o “da manada” ou “Juana Rivas”, estamos vixiantes e denunciemos todos e cada un dos casos de violencia que sufrimos as mulleres.

O movemento feminista chegou para cambiar esta sociedade e non desistiremos no noso empeño ata que o consigamos. Somos mulleres e estamos afeitas a loitar para acadar o noso lugar no mundo e así seguiremos. Non estamos soas, somos moitas. Non esquezamos ás compañeiras arxentinas que seguen na súa loita por conseguir un aborto libre, seguro e gratuito, e que conseguiron apoios de mulleres de todas as partes do mundo.

Queremos que as violencias machistas sexan consideradas un problema social importante. Aí é onde as compañeiras xornalistas teñen un papel relevante, dando perspectiva de xénero a todas as noticias e denunciando aquelas situacións que vaian contra os dereitos das mulleres. Mulleres deportistas, xuristas, universitarias... tamén alzan a súa voz e denuncian o machismo. Porque é fundamental facer ver o problema para darlle solucións e concienciar a sociedade. É fundamental esixir formación en igualdade nos centros educativos para evitar transmitir estereotipos sexistas, así como unha formación en feminismo para todas as persoas que interveñen con mulleres vítimas de violencias machistas. Por iso, desde a Asemblea de Mulleres do STEG temos claro que as mulleres xuntas e combativas acabaremos coa violencia patriarcal.

obradoiro de sexualidade e autismo

Beatriz Gómez Felipe

O pasado 27 de outubro celebrouse en Lugo un Obradoiro de Sexualidade e Autismo dentro das actividades formativas do STEG contempladas para este primeiro trimestre do curso 2018/2019. No mesmo abordouse o tema da educación sexual do alumnado con TEA e nel participaron tanto familias como profesorado e outros profesionais en contacto con este colectivo. Esta actividade organizouna o sindicato en colaboración coa Asociación Capaces Lugo e foi desenvolvida pola educadora sexual Déborah Rodríguez Baz, pertencente ao colectivo Amaturi. Durante a xornada formativa abordáronse diversas perspectivas de traballo, enfocadas a cada un dos colectivos presentes, coas que se pretendeu ofrecer pautas de traballo coas que educar na sexualidade ás persoas con TEA.

Existe a crenza de que as persoas con TEA non teñen capacidade para comprender a súa sexualidade, que teñen condutas impulsivas, non sendo quen de canalizar os seus estímulos sexuais, ou mesmo de ter relacións. Por esta restrita de prexuízos

errados, ao longo dos anos, agromou certa tendencia a evitar a abordaxe da educación sexual destas persoas, o que as leva, precisamente, a que persistan estes comportamentos. O certo é que non é o seu espectro autista o que motiva este proceder, senón a falta de coñecementos, de apoios e da formación axeitada para desenvolver a súa sexualidade de forma plena.

Con este obradoiro formativo pretendeuse dar solución á necesidade de formación específica neste campo, para dotar a profesionais e familias de coñecementos e ferramentas que permitan ás persoas con TEA ter unha educación sexual axeitada ás súas potencialidades e sentimentos. Debemos ter en conta, sobre todo, que non debemos impor as nosas propias pautas, senón que debemos orientalas, favorecendo que descubran a súa propia identidade e realidade sexual, que pode ser moi diferente da nosa, ou non.

Asemade, con esta experiencia, as familias e docentes tiveron a ocasión de trasladar as súas inquedanzas a unha profesional e así poder facer fronte a determinadas cuestións que xorden no día a día da educación e convivencia coas persoas con TEA. Este obradoiro resultou ser de gran aproveitamento para todas as persoas participantes e dado o número de xente que non puido participar, valorárase no STEG organizar unha segunda edición.

XORNADAS SOBRE AUTISMO "A sexualidade nas persoas con TEA"

Formación STEG 2018/19
Solicitada homologación de
8 horas á Consellería



Sábado 27 de outubro no CEIP Illa Verde
Inscripcións en www.capaceslugo.ga



XORNADA SOBRE AUTISMO Comprensión e estratexias de intervención

Sábado 3 de novembro
no Liceo de Ourense

Formación STEG 2018/2019

www.steg.gal

En colaboración con

Organiza





un sábado diferente: xornadas sobre o autismo, en ourense

Marta Pérez González

“TEA, **T**rastorno do **E**spectro **A**utista é a nova nomenclatura que recolle o Manual de Diagnóstico e Estatístico de Trastornos Mentais (DSM-5)”. Esta foi a forma na que Marlene Honra comezou a “Xornada sobre Autismo: comprensión e estratexias de intervención”, celebrada o día 3 de novembro no salón nobre do Liceo, en Ourense.

Marlene Honra, psicóloga clínica e social, trasladounos á pel dunhas crianzas que ela coñece amplamente pola súa dilatada experiencia de 15 anos, desenvolvendo o seu labor na Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela, nun C.E.E.P.R. da asociación ASPANAES ou, na actualidade, nunha Unidade de Apoio Ambulatorio, axudando ás familias e ás crianzas nas contornas diarias (escola, casa...) a través da asociación BATA (Baión Asociación Tratamento Autismo).

Para comprender estes/as nenos/as, Marlene Honra fíxonos tremer ao percibir e sentir, dende o máis profundo, a súa realidade; trasladándonos, a través dun vídeo, a como é vivir con hipersensibilidade sensorial. Con numerosos casos prácticos achegámonos ao Déficit da Teoría da Mente, á Teoría da Coherencia Central Débil e á disfunción executiva, visionamos a realidade dunha aula con nenos e nenas con TEA e abrimos a porta á intervención.

Pero, por onde comezar? Investigando. Antes de coñecer a crianza debemos falar coas familias, antigas/os profesoras/es e persoas achegadas para que nos informen sobre ela, favorecendo unha reflexión que exteriorice as súas capacidades.

Con relación á intervención na aula, unha das ferramentas máis importantes a traballar é dotar á/ao alumno/a dunha linguaxe alternativa. A imposibilidade de expresarse é unha das principais causas da presenza de frustración e da aparición de condutas disruptivas.

É imprescindible estruturar o día a día, marcando rutinas, ensinando ao alumnado con TEA a manexar a sorpresa. Faremos fincapé na ensinanza sen posibilidade de erro (non permitindo equívocos), para favorecer que as rutas de aprendizaxe se transformen en esquemas de actuación fixos. Debemos fomentar unha aula predicible, explícita e relentizada, evitando a verborrea e adaptando a nosa fala ao nivel de comprensión do alumnado.

Marlene recrea situacións, xesticula e exemplifica, desfrutando da ensinanza e transmitindo a sinxeleza dunha práctica na que todas nos vimos superadas. Orientounos no uso de diversos materiais e apoios que van facilitar a nosa práctica diaria para que sexa produtiva, porque o labor do profesorado non é ensinar, senón que o alumnado aprenda.

Foi unha xornada desas que se di que pagou a pena, das que se sae con ansias de levar o aprendido á aula, percibindo máis sinxelo o noso labor.

E como resumo apropiámonos dunha frase de Marlene: “Traballar cunha alumna/o con TEA é facelo cunha alumna ou alumno normotípico/a se ten apoios; o grao de dificultade vaino establecer o número de apoios”.

aquí seguimos

Sonia Fernández Casal



“40 anos tentando coeducar e aquí seguimos”. O título da ponencia coa que arrincou o I Congreso Internacional en Coeducación e Xénero, que se celebrou no Campus da Universidade Carlos III de Leganés os días 27 e 28 de outubro, podería servir tamén de conclusión ao mesmo: aquí estamos e aquí seguimos. 40, 20, 10, 1... só habería que adaptar o número á heteroxeneidade das e dos (poucos) asistentes. A ilusión, logo de máis de 20 anos sen ser quen de se xuntaren docentes de todo o estado para reflexionar e compartir experiencias coeducativas, fixo das xornadas de Leganés unha data que se converterá noutro “antes e despois” dos que este ano 2018 semella vir cargado para as loitas das mulleres.

A homenaxe a Amparo Tomé e Marina Subirats, autoras da ponencia inaugural, serviu para reivindicar o labor de tantas pioneiras anónimas que introduciron nos anos 70 e 80 o xermolo da coeducación na escola postfranquista. Desde o saber acumulado en tantas décadas, quixeron deixar unha mensaxe: non reproducirmos na actualidade as divisións que levaron o movemento feminista dos anos 90 - daquela *diferenza* versus *igualdade* - ao esmorecemento.

Carmen Ruíz Repullo emocionou coma sempre co seu conto “Pepa e Pepe. A escaleira cíclica da violencia de xénero na adolescencia”- con máis de 300.000 visionados en youtube- construído coas historias que moitas Pepas - ou as súas amigas - lle levan contado en infinidade de obradoiros. A metáfora da escaleira onde cada chanzo é unha pequena historia real de dominio, control, chantaxe afectiva... alerta da que sen dúbida é a tarefa pendente na sensibilización social arredor da violencia cara as mulleres: á violencia física non se chega sen ter subido antes por unha escaleira de violencia invisible que cómpre alumear para que ningunha adolescente poña sequera un pé nela.

A Consejera de Educación de Navarra, María Solana Arana foi a única representante institucional que participou como ponente neste encontro. A súa presenza, comprometida desde meses antes, non puido ser máis


oportuna: serviu para amosarlle o apoio abrumador do público ao programa SKOLAE, polo que levaba sendo atacada toda a semana por supostamente querer “impoñer xogos eróticos para nenos de 0 a 6 anos” nas escolas navarras. Fronte á intención por parte das escolas privadas e asociacións de pais católicos de denunciar ante os tribunais o programa coeducativo, a resposta da conselleira non puido ser máis inapelable: *unha sociedade que está agardando por unha sentenza coma a da “manada”, non se pode permitir non ter educación sexual nas escolas.*

Miguel Ángel Arconada e Erik Pescador faloron do que, sen dúbida, é o maior reto ao que se enfronta a coeducación no noso país nestes momentos: conseguir que o profesorado varón se implique na construción, desde o sistema educativo, de referentes masculinos alternativos ao modelo de masculinidade hexemónico na sociedade. A teor das propias estatísticas do congreso, un exíguo 4% de profesores participantes, a incorporación dos varóns ao proxecto coeducativo sería un exemplo paradigmático da máxima “ensinamos o que temos que aprender”.

Chis Oliveira, Elena Fernández, Isabel Menéndez, Chus López..., entre outras, aportaron estratexias e recursos coeducativos diversos para levar ás aulas, xunto coa experiencia acumulada e compartida de tanto profesorado que traballa disperso pola xeografía e unido pola ilusión.

O I Congreso Internacional en Coeducación e Xénero serviu, xaora, para “atravesar o ciberespazo, para vernos cara a cara, corpo a corpo, voz a voz”... moitas das persoas que nos atopamos habitualmente nas redes sociais, nomeadamente no “Claustro Virtual de Coeducación”. O noso país estivo ademais amplamente representado por unha “delegación galega” que voltou con deberes para este curso: vernos na casa, comezar a tecer unha rede de centros coeducadores para seguirmos a sentir a enerxía colectiva que tanto circulou nesta fin de semana por Leganés.

**Coa
unidade
em-
pezas
o cambio**



ÚNETE AO STEG

cara a un **ensino público, galego,
laico e de calidade**

ELECCIÓNS SINDICAIS 2018

#em-pezas?

steg.gal  

CANDIDATURAS

A CORUÑA

- 1. Gómez del Valle Gómez, Paula**
CEIP San Pedro de Visma, A Coruña
- 2. Pérez Castro, Diego**
CEIP Flavia, Padrón
- 3. Martínez Delgado, Verónica**
CIFP Compostela, Santiago de Compostela
- 4. Rei Maio, Fernando**
CMUS Profesional de Santiago, Santiago de Compostela
- 5. Fernández Anllo, M^a del Carmen**
IES Moncho Valcarce, As Pontes de García Rodríguez
- 6. Pardo Amado, Diego**
IES Isidro Parga Pondal, Carballo
- 7. Abella Cruz, María Manuela**
CEIP Plurilingüe de Frións, Ribeira
- 8. Penelas Sanchez, Daniel**
CEP Xosé María Brea Segade, Rianxo
- 9. Cortón Tesouro, Maiuca**
CEIP Felipe de Castro, Noia
- 10. Castaño Castaño, Pablo**
CEP de Ventín, Ames
- 11. Fernández Casal, Sonia**
IES Fontexería, Muros
- 12. Cabido Pérez Xosé**
IES Fontexería, Muros
- 13. Callón Cameán Toña**
CEIP de Pedrouzos, Brión
- 14. Cacabelos Romero, Carmelo**
IES do Milladoiro, Ames
- 15. Campoi García, Comba**
CIFP Compostela, Santiago de Compostela
- 16. Filgueiras Rodríguez, Juan José**
CEIP de Sobrado-Nebra, Porto do Son
- 17. PérezRouco, Verónica**
IES Alfonso X O Sabio, Cambre
- 18. Rivas Barcala, Javier**
CRA de Oroso, Oroso
- 19. Suárez Veiga, Rosa Esperanza**
CEIP López Ferreiro, Santiago de Compostela
- 20. Iglesias Dieguez, Alfredo**
IES Plurilingüe Maruxa Mallo, Ordes
- 21. Camba Seoane, Shaila**
CRA de Santa Comba, Santa Comba
- 22. Miragaia Doldan, Manuel**
IES As Mariñas, Betanzos
- 23. Hermo Gómez, María do Carme**
CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío, Muros
- 24. Rodríguez Carballada, Roberto**
IES Arcebispo Xelmírez I, Santiago de Compostela
- 25. Balado Ferreiro, María Luz**
CRA Neira Vilas, Boqueixón-Vedra
- 26. Somoza Rodriguez, Xiao**
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, Dodro
- 27. Candales Romeo, Rocío**
CEIP Apóstolo Santiago, Santiago de Compostela
- 28. Rendo Martinez, Paulo**
IES Xulián Magariños, Negreira
- 29. Anta García Margarita**
IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela
- 30. Ávila Sánchez, Francisco**
CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, Oroso
- 31. Beiro Oreiro, M^a Micaela**
CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío, Muros
- 32. Comba Paz, Xosé Nel**
CEIP A Solaina, Narón
- 33. Bermúdez Fernández, Paula**
CEIP Agro do Muíño, Ames
- 34. De La Iglesia González Javier**
IES Blanco Amor, Culleredo
- 35. Castro Lage, M^a Carmen**
IES N^o1, Ribeira
- 36. Diéguez Laranjo, Juan Jorge**
CIFP Compostela, Santiago de Compostela
- 37. Bermúdez Gómez, Ana**
CEIP Plurilingüe de Outes, Outes
- 38. García Sestayo, Ramón**
CEIP Plurilingüe de Outes, Outes
- 39. De León Viloria, Nuria**
CEIP Flavia, Padrón
- 40. González Alvarellos, Manuel**
IES Camilo José Cela, Padrón
- 41. Colquhoun Colquhoun, Emma Amy**
EOI de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela
- 42. Lago Leis, Juan José**
EOI de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela
- 43. García Gerboles, Esther**
IES de Brión, Brión
- 44. Lema Perez, Cesar**
IES Arcebispo Xelmírez I, Santiago de Compostela
- 45. González Bustos, M^a Cristina**
IES As Telleiras, Narón
- 46. Méndez López, Alberte Xosé**
CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco
- 47. Losada Montero, Ana María**
CEIP de Barouta, Ames
- 48. Míguez Mato, Francisco Javier**
CEIP Santa María do Castro, Boiro
- 49. Mato Balbis, Ana Gloria**
CPI Plurilingüe Cernadas de Castro, Lousame
- 50. Morenza Doforno, Emiliano**
IES María Casares, Oleiros
- 51. González López, María Paz**
IES Fontexería, Muros
- 52. Otero González, Álvaro**
IES de Melide, Melide
- 53. Losada Soto, Susana**
IES de Melide, Melide
- 54. Obelleiro Somoza, Jose Luis**
IES As Insuas, Muros
- 55. Rey García, Manuel**
IES Antonio Fraguas Fraguas, Santiago de Compostela
- 56. Fariña Pérez, María Dolores**
EPAPU Eduardo Pondal, A Coruña
- 57. Sixto Sanjosé, Roi**
CPI de San Vicente, A Baña
- 58. Ledo Regal, Cristina**
IES Fin do Camiño, Fisterra
- 59. Toba Nardín, Enrique**
CPI As Revoltas, Cabana de Bergantiños
- 60. Regos Fariña, Alicia**
CEP Salustiano Rey Eiras, A Pobra do Caramiñal
- 61. Pérez Fernández, Jose Antonio**
IES Leliadoura, Ribeira
- 62. Rodríguez Casanova, Isolina**
CIFP de Ferrolterra, Ferrol
- 63. Ron Fernández, Xose Xabier**
IES Plurilingüe de Ames, Ames
- 64. Santamariña Núñez, M^a Jesus**
IES Francisco Aguilar, Betanzos
- 65. Rodríguez Domínguez, Ramón Antonio**
EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela
- 66. Pérez Garabán, Andrea**
CEIP Plurilingüe Cardenal Quiroga Palacios, Santiago de Compostela
- 67. Santos González, Javier**
CEIP de Olveira, Ribeira
- 68. Prego Cabeza, Minia**
IES Plurilingüe Eusebio da Guarda
- 69. Méndez López, Alberte Xosé**
CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco

- 70. Rego Ara, María Josefa**
CEIP Sal Lence, A Coruña
- 71. Villaverde Canal, José Antonio**
IES Terra de Soneira, Vimianzo
- 72. Areas Toba, Carmen**
CEIP de Arzúa, Arzúa
- 73. Chavarría Teijeiro, Marcos**
IES de Melide, Melide
- 74. Rocamonde Iglesias, Esperanza**
IES de Arzúa, Arzúa
- 75. De Toro Cacharrón, Xacobo**
IES Urbano Lugrís, Malpica de Bergantiños
- 76. Teijeiro Gato, Mercedes**
IES Agra de Raíces, Cee
- 77. Mendez Leis, Rafael**
CEIP Heroínas de Sálvora, Ribeira
- 78. Rodríguez Varela, Dolores**
IES Virxe do Mar, Noia
- 79. Brea Romani, Gonzalo**
CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío, Muros
- 80. Fernández Baz, Ángeles**
IES Fernando Esquío, Neda
- 81. Fernández Pardo, Tomás**
IES As Mariñas, Betanzos
- 82. Rodríguez Abad, Milagrosa**
CEIP Wenceslao Fernández Flórez, A Coruña
- 83. Rodríguez Pantín, Henrique Xoán**
IES Miraflores, A Coruña
- 84. Puchades Tella, Alicia**
IES Moncho Valcarce, As Pontes de García Rodríguez
- 85. Costa Valiño, Xosé Manuel**
IES Monte Neme, Carballo
- 86. González Castro, Margarita**
CEIP Ramón de La Sagra, A Coruña
- 87. Domínguez Mariño, Ramón**
IES de Melide, Melide
- 88. Iglesias Saco, Cristina**
IES Arcebispo Xelmírez I, Santiago de Compostela
- 89. Barge Carrete, Pablo**
CEIP Fogar, Carballo
- 90. Pena Pena, Mª Rocío**
CPI As Mirandas, Ares
- 91. Guitian Montero, Maruxa**
IES Macías O Namorado, Padrón
- 92. Sánchez Ramos, Mª Luz**
IES Nº1, Ribeira
- 93. Pérez Romero, Lucía**
IES Xulián Magariños, Negreira

LUGO

- 94. Puchades Tella, María Jesús**
CPI Plurilingüe Virxe da Cela, Monfero
- 95. Casás Redondo, Carmen**
IES Isaac Díaz Pardo, A Coruña
- 96. Noya Lodeiro, María Luz**
CPI Plurilingüe Cabo da Area, Laxe
- 97. Culebras Yañez, Cristina**
CEIP Plurilingüe Anxo da Garda, A Coruña
- 98. Núñez Real, Susana**
IES Salvador de Madariaga, A Coruña
- 1. Gómez Felipe, Beatriz**
CPI Poeta Uxío Novoneyra, Folgoso do Caurel
- 2. Pérez Díaz, Lois**
CEIP Plurilingüe de Riotorto, Riotorto
- 3. Díaz Fernández, Alba**
CEIP de Xermade, Xermade
- 4. Cabezudo Moreno, José Manuel**
CEIP Veleiro-Docampo, Castro de Rei
- 5. Domínguez González, María Nieves**
IES Francisco Daviña Rey, Monforte de Lemos
- 6. Legaspi Díaz, Francisco Xabier**
IES da Terra Cha Xosé Trapero Pardo, Castro de Rei
- 7. Negreira Lopez, Lorena**
CEIP Eloisa Ribadulla, Chantada
- 8. Díaz Valiño, Xoán Xosé**
CEIP Veleiro-Docampo, Castro de Rei
- 9. Seoane Vázquez, Ana Isabel**
IES Río Miño, Rábade
- 10. Perille Seoane, Marcos**
EPAPU Albeiros, Lugo
- 11. García Pena, Celia**
IES Sanxillao, Lugo
- 12. Peña Portomeñe, Gelo**
CEIP Illa Verde, Lugo
- 13. Rodríguez Carro, Carmen Mª**
IES Francisco Daviña Rey, Monforte de Lemos
- 14. López Arias, Iván**
CEIP Poeta Avelino Díaz, Meira
- 15. Grueso Valiño, Mª Das Mercedes**
CEIP Menéndez Pelayo, Lugo

- 16. Franco Fernández, Óscar**
IES do Camiño, Palas de Rei
- 17. Guerreiro Muñoz, María**
EOE, Lugo
- 18. Manteiga Sanjurjo, Jesús Manuel**
IES Río Miño, Rábade
- 19. García López, Mª Do Pilar**
IES Predregal de Irímia, Meira
- 20. Cancio Villamarín, Elba**
IES da Terra Cha Xosé Trapero Pardo, Castro de Rei
- 21. Gómez Vázquez, Javier**
IES da Terra Cha Xosé Trapero Pardo, Castro de Rei
- 22. Cruzado Folgueira, Fátima**
CEIP de Muimenta, Cospeito
- 23. Guerreiro Muñoz, Emilio**
IES Muralla Romana, Lugo
- 24. Núñez Singala, Sabela**
IES Enrique Muruais, A Pontenova
- 25. De Paz Urueña, Gabriel**
IES Marqués de Sargadelos, Cervo
- 26. González Ferreiro, Mª Nila**
EOE, Lugo
- 27. Coedo Pérez, Melani**
CPI Plurilingüe Virxe do Monte, Cospeito
- 28. Francisco da Rocha, Gonzalo Xosé**
IES Santiago Basanta Silva, Vilalba
- 29. García García, María José**
CPI de Castroverde, Castroverde
- 30. García Torres, Julio**
IES Sanxillao, Lugo
- 31. Samartino López, Elena**
IES Monte Castelo, Burela
- 32. Castro Rodríguez, Emilio**
IES Francisco Daviña Rey, Monforte de Lemos
- 33. Cousido Piñeiro, Mª Dolores**
CPI de Cervantes, Cervantes
- 34. Vázquez Fernández, Carlos**
CEIP Illa Verde, Lugo
- 35. Núñez Nuñez, Rosario**
IES Plurilingüe Fontem Albei, A Fonsagrada
- 36. Díaz Trigo, Angel Daniel**
CPI de Castroverde, Castroverde
- 37. Carballo Cela, Mª del Mar**
IES Lucus Augusti, Lugo
- 38. Rey López, Julián**
IES Plurilingüe Fontem Albei, A Fonsagrada
- 39. González Rodríguez, Eva**
IES de Monterroso, Monterroso

40. **Vila Reija, Iván**
CEIP das Mercedes, Lugo
41. **Roibás Sierra, Mª Pilar**
CEE Santa María, Lugo
42. **Peinó Díaz, Víctor**
IES Muralla Romana, Lugo
43. **Rodil Gasalla, Lucía**
EPAPU Monterroso, Monterroso
44. **Fernández Dorado, José Manuel**
IES Muralla Romana, Lugo
45. **Areán Prado, Mª del Carmen**
IES Lois Peña Novo, Vilalba
46. **Rivas Pena, Vanesa**
IES Vilar Ponte, Viveiro
47. **Santamaría Somoza, Marcos**
IES de Foz, Foz
48. **Queizán Castedo, Mª Pilar**
EPAPU Monterroso, Monterroso
49. **Eiras Sierra, Gonzalo**
CEIP Ramón Falcón, Castro de Rei
50. **Gómez Neira, Eva**
CEIP Manuel Mallo Mallo, Lugo
51. **Labrada Méndez, Xosé María**
CEIP O Salvador, Pastoriza
52. **Veiga Jato, Beatriz**
CEIP Plurilingüe Monforte de Lemos, Monforte de Lemos
53. **Martínez Corbillón, Ignacio**
EOI de Lugo, Lugo
54. **Hernández Garzón, Natalia**
EOI de Ribadeo, Ribadeo
55. **Iglesias Rodríguez, Natalia**
CEIP de Palas de Rei, Palas de Rei
56. **Núñez Ceide, Alejandro**
CEIP Plurilingüe de Lousada, Guntín
57. **Vázquez Viana, Mª Luisa**
CEIP Plurilingüe de Lousada, Guntín
58. **Carracedo González, María Belen**
EASD Ramón Falcón, Lugo
59. **Ares Veloso, Miguel Anxo**
IES Anxel Fole, Lugo
60. **De La Torre Caneda, Lucía**
CEIP Frei Luís de Granada, Sarria
61. **Mata Bastos, Jesús**
CEIP Sagrado Corazón, Lugo
62. **Domínguez Felpeto, Alejandra**
CEIP de Xermade, Xermade
63. **Allegue Miño, Víctor Manuel**
IES María Sarmiento, Viveiro
64. **López Valiña, Covadonga**
CPI Plurilingüe Virxe do Monte, Cospeito
65. **Iglesias Fernández, Ana María**
CEIP de Casás, Lugo
66. **Andión Novo, Edita**
CEIP de Baamonde, Begonte
67. **Cendán González, María**
CEIP de Xermade, Xermade
68. **Cantalapiedra Álvarez, Silvia**
CEIP Rosalía de Castro, Lugo
69. **De Paz Urueña, María Victoria**
CPI Ramón Piñeiro, Lámara
70. **Seco Benso, Javier**
IES de Monterroso, Monterroso
71. **García Fente, Irene**
IES de Ribadeo Dionisio Gamallo, Ribadeo
72. **López Pérez, Lucía Flora**
CEE Infanta Elena, Monforte de Lemos
73. **Padín Rodríguez, Mª Begoña**
CEIP de Palas de Rei, Palas de Rei
74. **Pérez Zapiain, Yolanda**
IES de Becerreá, Becerreá
75. **Suárez Méndez, Mª Fernanda**
CPI de Castroverde, Castroverde
76. **García Soengas, María Pilar**
IES Val do Asma, Chantada
77. **Valcárcel López, Isabel**
CEE Santa María, Lugo
78. **Piñeiro Janeiro, Eva**
EOI de Lugo, Lugo
79. **Pérez Gómez, Rosalía**
CPI Plurilingüe de Navia de Suarna, Navia de Suarna
80. **Caamaño Piñeiro, Ana María**
CEIP das Gándaras, Lugo
81. **Vázquez Méndez, Jesús**
IES de Foz, Foz
82. **Guerra Rubal, Susana**
IES Val do Asma, Chantada

OURENSE

1. **Pérez González, Marta**
CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Canalejas, O Barco de Valdeorras
2. **Bruzos Higuero, David**
IES Manuel Chamoso Lamas, O Carballiño
3. **Asenjo Rodríguez, Mª Cristina**
IES San Mamede, Maceda
4. **Núñez Siota, Manuel**
EPAPU de Ourense, Ourense
5. **Lorenzo Ruiz, Paula**
CPI de Padrenda-Crespos, Padrenda
6. **López González, Eduardo**
CEIP Roberto Blanco Torres, A Peroxa
7. **Gil Iglesias, Lucía**
IES 12 de Outubro, Ourense
8. **Domínguez Domínguez, Jose Antonio**
CEIP Manuel Luís Acuña, Ourense
9. **Domínguez Álvarez, Ana**
CEIP Inmaculada, Ourense
10. **Lorenzo Fernández, Cristian**
CIFP A Farixa, Ourense
11. **Outerño Calle, Pia**
IES As Lagoas, Ourense
12. **Vieito García, José**
CEIP Vistahermosa, Ourense
13. **López Fernández, Concepción**
CEIP As Mercedes, Ourense
14. **Pérez Gallego, Javier**
CEIP Padre Crespo, Xunqueira de Ambía
15. **Ferreiro Lamas, Marosa**
CEIP Padre Feijoo, Allariz
16. **González Santeiro, José**
IES Manuel Chamoso Lamas, O Carballiño
17. **Díaz Soñara, Pilar**
CEIP Manuel Sueiro, Ourense
18. **Dorrego Fernández, Noelia**
CIFP Portovello, Ourense
19. **Mojón Pérez, Odilo**
CEIP Virxe de Covadonga, Ourense
20. **Calviño Martínez, Flora**
CEIP Virxe de Covadonga, Ourense
21. **Vázquez del Prisco, Cristina**
CIFP Portovello, Ourense
22. **Álvarez Pérez, Sandra**
CPI Plurilingüe José García García, Ourense
23. **Gómez García, Carmen**
IES Lagoa de Antela, Xinzo de Limia

- 24. Quevedo Quintas, María del Pilar**
CEIP Mariñamansa, Ourense
- 25. Vivero González, Carmen**
IES Xermán Ancochea Quevedo, A Pobra de Trives
- 26. Valiño Rozas, Susana**
CIFP Portovello, Ourense
- 27. Blanco Sieira, Carmen**
CPI de Padrenda-Crespos, Padrenda
- 28. Sieiro Piñeiro, Nervisa María**
CEIP Plurilingüe Curros Enríquez, Celanova
- 29. Claude Equy, Mariane**
CPI de Padrenda-Crespos, Padrenda
- 30. Sotelo López, Xulía**
CEIP Filomena Dato, Barbadás
- 31. Pérez González, Cristalina**
CEIP Filomena Dato, Barbadás

PONTEVEDRA

- 1. Sánchez Arins, Susana**
CPI Marcelino Rey García, Cuntis
- 2. Nieto Pazó Agostiño**
IES Castelao, Vigo
- 3. Pérez Vázquez, Maite**
IES Mestre Landín, Marín
- 4. Insua López, Emilio**
IES A Basella, Vilanova de Arousa
- 5. Martín Trigo, Cristina**
EPAPU Río Lérez, Pontevedra
- 6. Fernández Ameal, Xoan Carlos**
IES Val do Tea, Pontearreas
- 7. Prego Rey, Aia**
CPI O Progreso, Catoira
- 8. Bernárdez Pérez, Aarón**
CPI de Mondariz, Mondariz
- 9. Troncoso Alonso, Alicia**
CPI Souto-Donas, Gondomar
- 10. Monteagudo Domínguez, Gumersindo**
IES Manuel García Barros, A Estrada
- 11. González Avión, Isabel**
IES Fermín Bouza Brey, Vilagarcía de Arousa
- 12. Nunes García, Sérgio Alexandre**
IES de Rodeira, Cangas
- 13. Rodríguez Saiz, María**
IES Valadares, Vigo

- 14. Marín Gómez, Fernando**
CEIP A Xunqueira 1, Pontevedra
- 15. Eiroá Franco, Mª Luísa**
CEIP Álvarez Limeses, Pontevedra
- 16. Castro Nieto, Francisco Adolfo**
EOI de Pontevedra, Pontevedra
- 17. Iglesias Baldonado, Maribel**
IES Francisco Asorey, Cambados
- 18. Miguélez Saínza, Xosé Luís**
CMUS Profesional de Vigo
- 19. Fernández Fernández, Ana Mª**
ESAD de Galiza, Vigo
- 20. Groba González, Xavier**
IES Primeiro de Marzo, Baiona
- 21. Piñeiro Castro, Josefa**
CEE Vilagarcía de Arousa
- 22. Rodríguez Saiz, Eduardo**
IES Alexandre Bóveda, Vigo
- 23. González Navaza, Silvia**
CIP Plurilingüe de Guillarei, Tui
- 24. Nimo Liboreiro, Pablo**
CEIP de Belesar, Baiona
- 25. Mouriño Espiñeira, Karina**
EEI Taboexa, As Neves
- 26. Lourenzo Varela, Vítor**
IES Montecelo, Pontevedra
- 27. Fontenla Alonso, Mª Begoña**
IES Aquis Celenis, Caldas de Reis
- 28. Chiralt Bailach, Joan**
ESAD de Galiza, Vigo
- 29. Fernández Ferrón, María**
CEIP San Benito de Lérez, Pontevedra
- 30. Campos Villar, Xabier**
IES Armando Cotarelo Valledor, Vilagarcía de Arousa
- 31. Díaz Otero, Mª Carmen**
IES A Basella, Vilanova de Arousa
- 32. Fernández Díez, Filipe Antonio**
IES Antón Alonso Ríos, Tomiño
- 33. Díaz Muñiz, Salomé**
IES Sánchez Cantón, Pontevedra
- 34. Collazo Mora, Ricardo**
CEIP Armenteira-Meis
- 35. Valverde Viqueira, Ignacio**
IES Fermín Bouza Brey, Vilagarcía de Arousa
- 36. Freire Leston, Xosé Vincenzo**
IES Fermín Bouza Brey, Vilagarcía de Arousa
- 37. Otero Solla, Beatriz**
CEIP Enrique Barreiro Piñeiro, Cambados

- 38. Abuín Carou, Nuria**
CEIP Refoxos, Oia
- 39. Sever Valverde, José Carlos**
CEIP Mestre Valverde Mayo, Sanguineta-Mos
- 40. Ferrín Iglesias, Mª Xesús**
IES Castelao, Vigo
- 41. Platero Vilaboa, Mar**
IES Auga da Laxe, Gondomar
- 42. González Briones, Mª Fernanda**
IES Johan Carballeira, Bueu
- 43. Folgueira Arias, Serxio**
IES Monte da Vila, O Grove
- 44. Muíños Sedano, Mª Alicia**
CEIP Manuel Vidal Portela, Pontevedra
- 45. Álvarez Ojeda, María**
CEIP Doutor Suárez, Fornelos de Montes
- 46. Corderí Rodríguez, Xosé Antón**
EPAPU Río Lérez, Pontevedra

TRAZOS IDENTITARIOS

Somos un Sindicato autónomo e assembleario, membro da Confederación de STEs, formada pola unión de Organizacións Sindicais cunha historia común, un proxecto solidario e un mesmo modelo sindical que se resume nas seguintes **características**:

ESCOLA PÚBLICA E DE CALIDADE




Somos unha organización sindical que só traballa co profesorado da escola pública, no convencemento de que a educación debe ser única e estritamente **pública**. O investimento dos recursos de todas e todos debe ser para a mellora da escola de todas e todos, garantindo a súa **calidade**, non detraéndooos para favorecer actividade privada ningunha neste senso.

ENSINO EN GALEGO



Despregamos a nosa actividade sindical en Galiza, os nosos órganos de goberno e decisión son galegos, e o noso idioma é o **galego**. Defendemos os dereitos e intereses da clase traballadora e do pobo galego.

ESCOLA FEMINISTA



O STEG distinguíuse sempre por contribuír coa súa acción e ideoloxía contra as violencias, maltratos e opresións específicas a que están sometidas as **mulleres**, tanto nos aspectos laborais, profesionais e xurídicos, como nos sexuais e educativos.

Así, **loitamos** contra as formas de discriminación e sexismo que permanecen e se transmiten a través do noso sistema educativo. Defendemos unha escola igualitaria en dereitos e oportunidades, libre de violencias e coeducativa sen androcentrismos.

ESCOLA LAICA



Somos a única forza sindical do ensino que non traballa co profesorado de relixión. Defendemos a **separación** entre a Igrexa e Estado como garante de convivencia, tolerancia e igualdade entre persoas crentes e non crentes e en consecuencia pulamos por unha escola laica, onde os contidos deben estar avalados pola ciencia, dende calquera das súas disciplinas, non dende a fe.

ESCOLA RURAL



O STEG presta especial atención ao **entorno** no que se desenvolve Galiza, polo tanto, pretendemos desenvolver o fornecemento das escolas no rural como eixos da vida social. Optamos pola creación dun plan estratéxico que potencie unha rede rural de centros, que mellore a rede de transporte e que evite a fenda dixital no rural.

CORPO ÚNICO DE ENSINANTES E ESTABILIDADE NO EMPREGO



Reivindicamos sempre a **mellora** das condicións laborais e profesionais das traballadoras e traballadores do ensino e, ademais, asumimos a defensa de todas as cuestións políticas e sociais que afecten á **clase traballadora** e ao pobo galego.

O STEG demanda unha negociación da oferta de emprego público que garanta a estabilidade do profesorado interino que leve traballando un tempo determinado así como a consecución dun corpo único de ensinantes cunha formación inicial do mesmo nivel, sexa cal sexa o ensino que imparta, cunha formación continua en relación coa función educativa desenvolva.

**Coa
unidade
em-
pezas
o cambio**

ÚNETE AO STEG

#em-pezas?



◀ Carmelo Cacabelos
Diego Castro
Verónica Martínez



◀ Sabela Núñez
Xoán Díaz
Elba Cancio

▶ Alfredo Iglesias
Paula Gómez del Valle



▶ Beatriz Gómez
Carmen Anllo
Lois Pérez
Mercedes Grueso

Fernando Rei
Pepe Cabido
Sonia Casal



▶ Emilio Xosé Ínsua
Sergio Nunes
Alicia Troncoso



▲ María Guerreiro
Nila González
Francisco Legaspi



▲ Alba Díaz
Celia García
José Cabezudo

A CORUÑA

LUGO

PONTEVEDRA

OURENSE



◀ Ana María Domínguez
Pía Outeiriño
Cristian Lourenzo
Marta Pérez



◀ Lorena Negreira
Paula Lourenzo

Kiko Castro
Xoan Carlos Ameal



▶ David Bruzos
Concha López
Manuel Núñez
Pepe Vieito



entrevista con manuel bragado

Emilio Xosé Ínsua
Lois Pérez

Entrevistamos neste número de *Aulas Libres* un novo compañeiro do noso sindicato, Manuel Bragado Rodríguez (Vigo, 1959), como xeito de lle dar a máis cordial das benvidas pola nosa banda. Pedagogo, escritor, activista da lingua e director editorial de Xerais durante case cinco lustros, está reincorporado ás aulas desde o comezo deste curso 2018-19 no colexio Lope de Vega, na cidade olívica.

Sempre comezamos estas entrevistas para *Aulas Libres* preguntando polo recordo que garda ou pola avaliación que fai a persoa entrevistada dos seus primeiros anos de escolarización. Cales son, no teu caso?

Lembro que fun por vez primeira á escola aos tres anos, na casa dunha mestra da calella das Angustias, no Barrio do Cura de Vigo. Alí cada picariño levaba a súa cadeiriña de vimbio. Creio que non había mesas para todos. Aos catro fun ao colexio das Carmelitas, tamén ao pé da casa. Alí aprendín a ler. E daquel centro conservo a miña primeira foto escolar dun partido de fútbol. Fixen a vella Primaria de catro anos e ingreso e o bacharelato elemental e reválida no colexio salesiano de Vigo. Aos trece anos, obtiven unha bolsa de Universidades Laborais para facer o bacharelato superior. Os tres anos da Coruña foron determinantes na miña formación, inesquecibles e marcantes. Alí lin de forma frenética, grazas a unha biblioteca extraordinaria. Na *uni* de Culleredo fíxenme galeguista e neofalante no curso no que morreu Franco. Alí organizamos a primeira folga, fixemos as primeiras pintadas e chantamos as nosas bandeiras.

A túa formación académica universitaria realizouse na Universidade de Santiago como alumno de Ciencias da Educación, nun tempo histórico moi particular, entre 1976-1981, marcado pola fin da ditadura e a implantación da autonomía. Que vivencias tes desa etapa? Que lectura en chave persoal fas hoxe dese tempo histórico tan especial?



Ilustración baseada nunha fotografía de Pepe Álvarez

Son da cuarta promoción de Pedagogía. Iniciamos a carreira no vello edificio de Fonseca, un privilexio para a nosa educación sentimental. Os tres primeiros cursos coincidiron coas revoltas estudiantís da Reforma Política, razón pola que nalgún curso, quizais en segundo, estivemos case máis días en folga ca en clase. Xaora, tivemos a fortuna de contar con profesores excelentes como Herminio Barreiro, que daba Historia da Educación, un auténtico mestre, que tiña sempre a clase chea. Na facultade coñecín ao profesor Antón Costa Rico, acabado de chegar da Universidade de Salamanca. Dende entón, hai corenta anos, acompañeino nos diversos proxectos de renovación pedagóxica e galeguización educativa. Na facultade amiguei con Suso Jares, Rafael Ojea, Daniel Bernárdez, Xaime Toxo, Chiño Barral, Paz Raña e tantos compañeiros que en 1983 participamos na fundación de Nova Escola Galega, o movemento de renovación pedagóxica forxado pola teimosía de Antón Costa como confluencia de diversos grupos sectoriais como o Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega, Avantar, Escola Aberta...

Cando comezaches a traballar como docente? Por que destinos pasaches e que lembranzas tes desa experiencia?

Son da primeira oposición de Educación Preescolar de 1983. Formo parte do primeiro grupo de parvulistas homes en Galicia. O meu primeiro centro foi o Colexio Público de Budiño no Porriño, onde fun titor do grupo de 5 anos de Preescolar. O segundo curso estiven de provisional na escola de Marín-Camos, no concello de Nigrán, de dúas unidades, o mesmo centro onde tiveron o primeiro destino definitivo até que en outubro de 1990 pedín a excedencia voluntaria. No curso 1988-1989 ocupei unha praza de consorte provisional no Colexio Público Xoaquín Lourenzo de Bande, onde estaba destinada no Instituto de FP a miña compañeira. O curso de Bande foi, tamén, inesquecible no meu oficio de mestre.

Entre 1986 e 1988 presidiches o movemento de renovación pedagóxica “Nova Escola Galega” e desde 1986 ata o 2000 dirixiches a *Revista Galega de Educación*. Cóntanos como chegaches a esa entidade e a esa revista, con que horizontes traballabas nesa altura no seu seo e en que proxectos máis relevantes te embarcaches nelas.

Presidín Nova Escola Galega durante eses dous cursos, pero estiven nos secretariados dende a fundación no oitenta tres. Foron anos maravillosos de intenso activismo pedagóxico e político. Participamos moi activamente na definición do modelo de Escola Pública Galega e de Normalización Lingüística, baseado na dobre competencia, o que facilitaría o consenso, primeiro entre os movementos de renovación pedagóxica, e despois cos sindicatos do ensino, sobre o modelo de galeguización educativa e de utilización do galego como lingua vehicular. Como coordinador da *Revista Galega*

de *Educación*, despois como director, entrei en contacto con Xerais, a editora que nos facilitou a publicación. A *RGE* recollía a tradición de *As Roladas 2*, a publicación do Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega, cuxa cerna era a de compartir as experiencias de renovación na aula e no centro. Durante a segunda metade da década dos oitenta, o traballo da *RGE* foi paralelo á das actividades promovidas por Nova Escola Galega, sobre todo o da organización das Escolas de Verán e doutras actividades de formación. Dende a *RGE*, publicación que continúa hoxe cun pulo anovado, intentamos contribuír ao desenvolvemento dunha cultura pedagóxica centrada tanto sobre a reflexión teórica (eis o tema monográfico de cada número) como sobre o traballo na aula e no centro.

En 1990 solicitas da Consellaría de Educación unha excedencia e poste a traballar no mundo editorial. Que razóns te levaron a ese cambio de ámbito e que retos e carencias principais te atopaches no teu novo destino profesional?

Foi todo unha serie de casualidades enfiadas. A editora Xela Arias enfermou e a editorial, tras a incorporación de Víctor Freixanes como director, precisaba iniciar a creación de novos libros para a reforma do sistema educativo que supuña a posta en marcha da LOXSE. Daquela eu frecuentaba a editorial como director da *RGE*. Despois de varias propostas de Freixanes, aceptei incorporarme á editorial por dous anos, o que me parecía un período máis que razoable para vivir a experiencia da edición. Xaora, funme enguedellando no oficio de editor, sometido entón ás mudanzas que supoñía a autoedición, o que é o mesmo, a chegada dos ordenadores á mesa do editor, que comezaba a maquetar e a corrixir os textos sobre as pantallas. Unha revolución. Na editorial, ademais da edición dos



Fotografía: Manuel Álvarez

libros de texto e coleccións educativas, vencelleime decontado ao desenvolvemento da literatura infantil e da edición dos dicionarios. A finais de 1993, Freixanes foi nomeado director xeral da división literaria de Anaya, o que levou a que fora nomeado director con apenas 34 anos. Aceptalo foi unha tolería marabillosa que ocupou case vinte e cinco anos da miña vida.

Aínda que o traballo de editor tivo que ser moi absorbente, nunca deixaches de cultivar en paralelo a faceta xornalística, con colaboración seriada no *Faro de Vigo* desde os anos 90, con presenza nalgunha tertulia radiofónica e con achegas continuas ao teu blog “Brétemas”. Fálanos desa vertente do teu perfil intelectual. Pensas que está en crise o xornalismo, como tantas voces predican?

Os artigos no *Faro*, as colaboracións nas tertulias políticas da Radio Galega como a escritura no blog expresan o meu compromiso como editor en lingua galega. En todos os tres ámbitos moveume o afán de contribuír a conformar unha cultura política de esquerda galeguista inclusiva, lonxe de calquera sectarismo e adanismo, doenzas que tanto dano lle teñen feito ao nacionalismo galego contemporáneo. Opino dirixíndome ao conxunto da sociedade, tamén da que sei non comparte o meu afán galeguista, consciente de que nese espazo tan difícil é onde estamos obrigados a confrontar o noso proxecto e as nosas angueiras.

Tiveches unha participación destacada, no seu momento, na posta en marcha de iniciativas de visualización social e proxección da cultura de noso como o “Culturgal”. Como avalías a acción institucional da Xunta presidida durante varias lexislaturas por Feijoo neste eido?

Culturgal é un modelo de traballo compartido, tanto polo feito de estar organizado por seis asociacións da industria cultural, como por estar financiado por tres administracións públicas de diversa cor, contando co apoio corresponsable de públicos diversos. Culturgal demostrou durante a última década que en Galicia tamén é posible forxar proxectos culturais de excelencia. Con respecto a como cualifico a acción institucional de Feijoo abonda con dicir que é desoladora, xa que contribuíu ao desleixo do autogoberno galego e ao retroceso da calidade dos servizos públicos, sobre todo nos eidos sanitario, educativo e cultural. Con todo, foi a operación orquestrada arredor do decreto do Plurilingüismo, o capítulo máis negro polo que Feijoo pasará á historia, un retroceso brutal para a utilización do galego como lingua vehicular no sistema educativo, sobre todo, na Educación Infantil, e no comezo da Primaria. Galicia con Feijoo de presidente non cumpre nin de lonxe a Carta Europea das Linguas. Hai informes que o testemuñan, mais nunca se dirimiron responsabilidades políticas.

Entre as entidades das que fas parte como socio figura “Amnistía Internacional”. Que papel lle concedes ao activismo cívico e ao compromiso nun mundo como o actual, en que todo empurra cara ao individualismo?

O activismo das mulleres e das organizacións a prol dos dereitos humanos, como Amnistía Internacional, acrisolan hoxe os fráxiles territorios da esperanza. Crin sempre no activismo pedagóxico, feminista, pacifista ou veciñal como espazos de participación política e transformación social. Acredito que este activismo é o que debería ser considerado como nova política.





Porque temos unha lingua



Nova Escola Galega

entrevista_bragado

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



A LINGUA NA

Blog de Manuel Bragado Vigo Galicia

Brétemas



Edición



Unha das marcas máis evidentes da túa traxectoria como editor e como activista de “ProLingua” é a preocupación pola normalización de usos do galego e a ampliación da masa lectora. Cóntanos brevemente as túas reflexións de fondo sobre o devir do idioma nestes últimos tempos e a túa impresión de cara ao futuro inmediato.

A ferida da lingua é moi profunda. A creba da transmisión xeracional do galego semella un feito irreversible, que podería levar a unha inevitable desaparición como lingua vehicular. Xaora, o seu futuro continúa dependendo de todos nós. Hoxe, no actual marco comunicacional hibridado, plurilingüe e multimodal, a oportunidade dunha lingua minorizada como a nosa pasa por recuperar o seu valor inclusivo como lingua local de instalación afectiva e efectiva do conxunto da sociedade, tanto das familias de procedencia galegófona como daquelas outras que se incorporan á nosa comunidade. É posible crear un novo discurso galeguista máis atractivo, como é imprescindible forxar un novo modelo consensuado arredor do emprego do galego como lingua vehicular no ensino. Fíxemolo nos oitenta, se queremos que o galego non desapareza como lingua de uso, debemos facelo corenta anos despois.

O teu blog “Brétemas” (<https://bretemas.gal>), aberto desde 2005, foi un dos pioneiros da presenza normalizada do galego na Rede. Como ves a saúde da lingua nese espazo?

A presenza do galego na rede está hoxe por riba da súa presenza na sociedade analóxica. Hai máis galego nos medios dixitais ca nos impresos. Internet, as redes sociais, como en xeral a publicación multimodal e hipertextual é unha oportunidade para o galego. A propia Rede mudará nos seus formatos, sobre todo coa popularización entre nós dos podcast e co peso cada vez maior do vídeo, que vai ir substituíndo á publicación textual. A comezos de 2005 Jaureguizar e mais eu abrimos os nosos blogs sen saber que catorce anos despois continuaríamos alimentando ese arquivo interminable. O galego ten na rede unha oportunidade.

Xa para rematar, en que proxectos longamente acariñados andas a traballar agora que tes algo máis de calma e vagar para os afrontares?

Ocupo este curso unha praza como mestre orientador. Estou tratando de poñerme ao día coa maior dignidade posible. Despois de tantos anos como editor, a miña prioridade é recuperar o meu oficio de mestre. Xaora, é certo que no estudio da casa teño abertas varias libretas de temática e xénero moi diverso das que agardo poida saír algunha publicación.

o libro dos nenos de antía cal. o proxecto dunha enciclopedia escolar galega

Branca Nazaré Guerreiro

Foi case perto do final do curso pasado cando fun convidada a participar no acto de presentación dun libro de Antía Cal Vázquez, unha presentación moi especial porque o libro existía desde había máis de 60 anos, xa fora premiado no Lar Galego de Caracas en 1955, e o mesmo Luís Seoane asumira a dirección gráfica da obra e a súa ilustración, mais con todo, “o libro gardouse no niño – como di a autora –, foise esquecendo, e alí botou moitos anos”. Tantos, que vén de ser editado por primeira vez este ano 2018 a cargo da Deputación de Lugo. Velaquí as palabras e emocións compartidas aquela tarde do mes de maio.

Só quería transmitirvos o meu asombro.

A sorpresa primeira foi recibir unha chamada para participar neste acto, e desde aquí quero agradecer á Deputación de Lugo terme dado a oportunidade de partillar mesa con Antía Cal, unha MESTRA con toda a carga semántica que esta palabra ten. Unha mestra que foi quen de revolucionar a docencia en Galiza coa creación da escola Rosalía de Castro en Vigo. Este centro privado laico é considerado unha expresión bastante acabada do que debería ser un centro educativo segundo a filosofía da Escola Nova, filosofía que comparto desde a miña pertenza ao movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega.

A segunda sorpresa foi cando tiven o libro que hoxe estamos a presentar nas miñas mans.

Aí comezou ese asombro que vos quero transmitir para convidaros a que non gardedes só este libro como unha xoia da historia da educación en Galicia, senón que vos mergulledes na súa lectura e que a compartades, nomeadamente coas crianzas que teñades ao voso arredor.

Sen querer desvelar os misterios todos que agocha o libro quero comentarvos un par de aspectos dos moitos que suscitaron o meu interese.

Comeza cunha breve explicación sobre a ortografía que vai utilizar e que ven ser unha reflexión sobre un debate aínda inacabado na nosa lingua. O da normalización versus a normativización, o patrón estándar da lingua fronte á fala que hoxe chamamos dialectal. E esa escolla que Antía fai pola fala popular imprímelle unha frescura ao texto ao que xa non estamos afeitas.

Certo é que tamén ao achegarse a este libro aparece unha especie de saudade, unha morriña do país que puido ter sido e non foi. Imaxinar unhas escolas rurais a finais dos anos 50 empregando este libro como manual para aprender ás meniñas e meniños que alí acudiran debuxaría un país ben distinto ao que agora temos.

Pero o máis importante é o futuro que ten esta publicación. Debería estar en todas as bibliotecas de todas as escolas do país, porque dun xeito moi sinxelo, como se fose un conto, vai enxergando o mundo partindo da nosa realidade.

É un libro moito máis moderno do que boa parte dos libros de texto que hai nas nosas escolas.

Hoxe, que a renovación pedagóxica pasa pola aprendizaxe por proxectos, que se fala de actividades integradas, temos en cada páxina deste manual exemplos claros da integración de saberes, as Ciencias Naturais e as Ciencias Sociais engárganse coa literatura e os saberes populares, partindo das experiencias cotiás das crianzas, e todo dun xeito maxistral.

Remato agradecendo a Antía a súa lucidez nesta escrita e á Deputación de Lugo pola súa aposta na publicación. Agradézolles ter provocado en min ese asombro que é imprescindible para aprender e imprescindible polo tanto para dedicarse a esta difícil e marabillosa tarefa de educar.

experiencias de aula outro cantar

Olalla Liñares García

Docente en prácticas de Lingua Galega e Literatura
no IES Plurilingüe Fontexería (Muros)

(...) *Segháche-lo trigho d'hoxe / sen pensar no de mañanhe*. Velaquí uns versos da copla coa que abrin a miña programación didáctica nas oposicións. É que se algo lle queda a unha claro cando se prepara para ser docente é a importancia de planificar, de anticiparse.

Nos inicios deste setembro eu non deixaba de pensar *no de mañanhe*. Quería planificar, anticiparme. Mais a unha semana de incorporarme ao ensino público aínda non sabía en que leira ía botar semente. O día 17 comezaba o curso e o día 11 notificáronme que o meu destino como docente en prácticas era o IES Plurilingüe Fontexería de Muros. E alá fun, costa abaixo e sen freos. Na mañá daquel luns fecheime nunha aula con vinte e dúas persoas e expliqueilles que eu era a súa titora e que resolvería as dúbidas que tivesen. Dixenllo así, eu, que era unha dúbida andante.

Se algo lle queda a unha claro cando se prepara para ser docente é a importancia de planificar, de anticiparse. Pero despois éche outro cantar. Para ser profesora, queiras ou non, tamén tes que saber improvisar. O sistema de adxudicación de destinos é a primeira evidencia. Se cadra fano así porque pensan que para programar non ten importancia o lugar no que te sitúes. Érache boa...

Recoñezo que ao principio me vin algo apurada. Cada sesión de clase require moito tempo de preparación e de revisión na casa. Á parte das clases, tes que poñerte ao día en mil cuestións burocráticas e de funcionamento interno. A túa cabeza pasa o día no instituto. Entón lembras cando observabas o ensino dende fóra e pensabas que era un *choíazo*. 'A min enganáronme', dicíalle ás miñas amizades nas primeiras semanas, cando estaba desaparecida da miña vida social.

Comeza o curso e queres chegar e encher. Queres facelo todo ben, mudar moitas cousas, ser unha *profe guai*... Queres - como diría a compañeira Rosalía Fernández Rial - derrubar as paredes todas. Pero dende dentro éche outro cantar. Daquela aprendes a graduar. Vas regulando a revolución, mais sen perdela de vista, pois constatas que é necesaria. Porque descubres, por exemplo, que a mocidade ten serios problemas de comprensión e de expresión oral e escrita. Ou que ten unha importante e preocupante falta de autonomía. Ou que elas continúan orbitando arredor deles mentres xogan ao fútbol no recreo. Ou que nunha vila coma Muros o galego se está a converter nunha lingua allea para moitas rapazas e rapaces. E non paras de reflexionar sobre o sistema educativo. "O que mellor saben facer é copiar o que lles ditas", recoñecía resignada o outro día unha colega de profesión. Pois eu non quero educar escribas.

Outra das cousas que (re)descubres é que cada persoa é un mundo. Que detrás de cada alumna/o hai algún fio do que tirar. Despois entras nunha clase con vinte e cinco adolescentes e, claro, éche outro cantar. Non imaxino como serán as aulas de trinta e pico. Se cadra tamén pensan que non é importante coñecerlos/as un por un, poder traballar persoa a persoa. E non paras de reflexionar sobre o sistema educativo, a produción en serie, os escribas...

Dende dentro, isto éche outro cantar. Iso é basicamente o que descubro cada día. Pero, ademais de descubrir, tamén verifico o que xa traía da casa. Verifico que hai moito que mudar e sospeito que acomodarse resulta moi tentador. Coido que me tocará decote ir a contracorrente. Nos primeiros días de curso, costa abaixo e sen freos, descubrín unha pintada na que fixo os meus ollos cada vez que atraveso Esteiro: DEIXÁ-DENOS REMAR. É todo canto pido como docente novel.

para ver, para ouvir, para ler

Emilio Xosé Ínsua

francisco asorey, escultor galego, de maribel iglesias baldonado

Doutor Alveiros, Fundación Vicente Risco, Ourense, 2018

O 11 de marzo de 2016 tivo lugar na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela a defensa pública dunha tese de doutoramento sobre a figura e a obra de **Francisco Asorei** (1889-1961), escrita pola nosa compañeira no STEG Maribel Iglesias Baldonado (Venezuela, 1964), profesora de Historia nun instituto de ensino medio de Cambados que leva o nome do escultor, precisamente, e coordinadora doutros traballos como *Cambados. 100 anos de historia a través da fotografía* (2005) e *Ramón Cabanillas Enriquez. Biografía en imaxes* (2008).


Superado con éxito o trámite académico, Maribel deulle forma de monografía ao seu traballo e presentouno á vixésimo primeira edición do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais. O xurado concedeulle finalmente un accésit e o selo editorial "Dr. Alveiros", da Fundación Vicente Risco, acaba de editar neste 2018 o volume, baixo o título *Francisco Asorey, escultor galego*.

O traballo consta de sete grandes apartados. Comeza co capítulo "Os primeiros anos", dedicado a explicar o ambiente que rodeou Asorei no seu Cambados natal; a súa estadia formativa, desde os 14 anos, nos salesianos de Sarriá

(Barcelona), onde se encheu do ambiente artístico modernista e simbolista que dominaba entón esa cidade e o seu período como docente de debuxo nos salesianos de Barakaldo, onde ten oportunidade de entrar en contacto co rexionalismo pictórico vasco, representado polos irmáns Valentín e Ramón Zubiaurre. Precisamente este último pintaría en 1917 o célebre cadro "Gaiteiro de Cambados", cantado polo poeta Cabanillas.

Neste primeiro capítulo tamén se ocupa Maribel da posterior etapa madrileña de Asorei, tinxida de bohemia canda o crítico de arte José Francés, o artista compostelán Juan Luís (quen se refería a Asorei como "El Rodin gallego"), o viveirense Manuel Bujados e o pintor cordobés Julio Romero de Torres, con quen compartiu pensión. A vida madrileña de Asorei prolóngase dende 1909 até o 8 xaneiro de 1919, data esta última en que o artista, que consegue o posto de escultor anatómico na Facultade de Medicina, contrae matrimonio con Jesusa Ferreiro Casal e instálase definitivamente en Compostela.

Un segundo apartado da monografía céntrase nos anos 20, cando Asorei abre estudo na compostelá rúa da Caramoniña e se vincula decididamente ás Irmandades da Fala, cumprindo no mundo das artes plásticas, mercé ás súas tallas en madeira policromadas ("Picariña", "Naiciña", "O tesouro", "Ofrenda



ao San Ramón", "A Santa") e aos diversos recoñecementos que obtén en varias Exposicións de Belas Artes, un papel simbólico e referencial idéntico ao do seu paisano Ramón Cabanillas no eido das letras: Escultor da Raza e Poeta da Raza, respectivamente. É esta a etapa das homenaxes en Cambados organizadas por Cabanillas, da intensa relación amistosa con Castelao, da pertenza ao Seminario de Estudos Galegos, mais tamén a dos agravios á hora de non recibir premios que seguramente merecía e a das críticas feroces, como as que lle endereza Ramón M^a del Valle Inclán, quen chega a dicir do cambadés: "Es un imaginero malo. No tiene idea de la escultura".

A terceira parte do libro de Maribel ocúpase dos anos 30, cando Asorei abre un estudo máis amplo na rúa de Santa Clara, en Compostela, e emprende a confección dos seus grandes monumentos en pedra, como o do aviador Loriga, en Lalín (1933), o do San Francisco de Compostela, que se inaugura en 1930, ou o de Curros Enríquez na Coruña, en 1934. De sumo interese é a epígrafe que a autora dedica a comentar o relacionamento, nada cordial nin produtivo á prostre, dos autores da nova xeración galega (Luís Seoane, Eiroa, Maside, etc.) con Asorei, nun enésimo exemplo de mala avinza entre sucesivas xeracións artísticas.

Unha cuarta parte do libro céntrase no Asorei de posguerra. Superados, grazas ás súas boas relacións

aulas libres

27

para ver, para ouvir, para ler

co estamento eclesiástico compostelán, os medos a crueis represalias como as que lle custaron a vida ao seu grande amigo Camilo Díaz Baliño, o escultor cambadés renuncia neste etapa a calquera veleidade artística orixinal e reduce practicamente o seu traballo a abundantes pezas de carácter relixioso, bustos oficiais que se lle encargan en 1938 (o de Calvo Sotelo para Vilagarcía; o do ditador Franco para Ourense...), monumentos militares na Escola Naval de Marín ou aos Caídos, como o de Ourense (1951), lápidas conmemorativas e pouco máis. Algúns dos seus últimos traballos de mérito son a estatua do Padre Feixó para o mosteiro de Samos, o altar para o Panteón do Centro Galego de Bos Aires e o monumento ao astrónomo lalinés Ramón M^a Aller.

O traballo de Maribel complementábase cun quinto apartado de Conclusións, un sexto que está conformado por un rigoroso Catálogo da obra de Asorei, con 135 entradas, ao que se pode acceder tamén na Rede no enderezo <https://ciclepedra.blogspot.com.es>, e un sétimo e derradeiro que ofrece a Bibliografía empregada para a confección desta alfaia investigadora. Con todo, o libro aparece, como indica a propia autora, “mutilado” pola tan incomprensíbel como inxustificábel negativa dos herdeiros do escultor a deixar que fosen reproducidas dúcias de fotografías das obras.

Moi relevante e pulcro resulta o diálogo crítico que esta tese establece coa única monografía sobre Asorei preexistente, o traballo *El escultor Francisco Asorey*, editado en 1959 por Ramón Otero Túñez. Son varios os aspectos que se discuten desa obra pioneira, con argumentos moi atinados. Maribel corrixe, por exemplo, a total ausencia de referencias ao compromiso de Asorei co nacionalismo galego *irmandiño*, delimita con rigor a escasa relación do escultor cambadés coas vangardas artísticas, resume á perfección as bases estéticas da súa proposta (modernismo e simbolismo) e contribúe a reconstruír con ponderación e serenidade a posición de Asorei no escuro período da posguerra franquista.

Desde a revista do STEG dámoslle os parabéns á nosa compañeira por esta valiosísima contribución á historia da nosa cultura e da nosa arte, que poderá xerar desde logo numerosos e variados aproveitamentos didácticos.

gaiola aberta. escolma de poesía infantil (1997-2017), de xoán neira

Baía Edicións, A Coruña, 2018

Da man de Baía Edicións, con fermosa portada de Ana Pedreira e preparada con pulcritude por Armando Requeixo, como era lóxico agardar dun dos máis importantes críticos literarios galegos dos nosos días, acaba de aparecer a escolma de poesía infantil de Xoán Neira *Gaiola aberta*, que reúne medio cento dos textos presentes nos seis poemarios que o autor de Meilán editou desde 1997 ata a actualidade: *Recreos* (1997), en colaboración co músico Manuel Rodríguez; *Xiz de cor* (2004); *Farrapos de nube* (2007); *No cubil da lúa* (2009); *Un niño no xardín* (2012); e, finalmente, *Chafarís* (2017).

Mestre xa xubilado do colexio “Lois Tobío”, veciño de Viveiro desde 1982, columnista ocasional da edición mariñá do diario *El Progreso* e do *Heraldo de Viveiro* e socio fundador do Seminario de Estudos da vila do Landrove, Xoán Neira López (Meilán, Lugo, 1953) é un escritor en lingua galega de obra relativamente prolífica, na que destacan títulos como *Memoria e soño* (1996), *Nas varandas do abrente* (2000), *Ás catro augas* (2004, editado pola Fundación Manuel María) e *Linguaxes* (2005), libro artístico feito en colaboración co debuxante e ceramista Otero Regal. Cabe anotar, igualmente, a súa presenza en volumes colectivos como *Alma de beiramar* (2003) e *Negra sombra. Intervención contra a marea negra* (2003), editados co gallo da catástrofe do “Prestige”; a *Homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo* (2003) e *A Coruña á luz das letras* (2008), da editorial Trifolium. Tamén ven sendo constante a súa presenza na revista poética luguesa *Xistral*.

Na súa poesía infantil, agora oportunamente escolmada por Requeixo, Xoán Neira visita o ciclo estacional do ano e canta os elementos da natureza, explora os astros, enreda cos xogos e comprácese en mirar con ollos anovados as cousas, os animais e os espazos que habitualmente nos rodean, en procurar a súa beleza e o seu misterio agochados, en tornalos fonte inesperada para a fantasía e a ilusión. O poeta é quen de combinar sempre unha perspectiva plástica, visual e descritiva con outra reflexiva e profunda, de maneira que o que ofrece veñen sendo algo así como “retratos meditados” sobre elementos do medio que nos rodea. A brevidade, o atinado manexo das rimas asonantes e dos versos heterométricos, os xogos de aliteración na procura da musicalidade e unha coidada selección léxica son algúns dos trazos que caracterizan esta poesía, perfecta para empregar nas aulas como material para variadísimas actividades e, xaora, como lectura iniciática.



sacar a lingua é de mala educación de núñez singala

Ed. Galaxia, Vigo, Biblioteca de Intervención social/Didáctica nº7, 2017

No ano 2009, o escritor lugués Manuel Núñez Singala inauguraba a Biblioteca de Intervención Social/Didáctica da veterana editora Galaxia cun texto titulado *En galego, por que non?*, no que combatía con rigor e amabilidade algúns dos máis notorios prexuízos e simplificacións existentes sobre a lingua galega, visando fornecer un repertorio de argumentos que, en palabras súas, fosen “capaces de contrarrestar esa sensación “ambiental” de que a opción do galego é antiga, errada, minoritaria, rural, propia de radicais ou de intelectuais desconectados da realidade social”.

No ronsel desa obra e dentro da propia Biblioteca de Intervención animada por Galaxia editou en 2017 o libro *Sacar a lingua é de mala educación*, que leva por subtítulo “Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta” e está organizado en tres grandes apartados: “Que?”, “Por que?” e “Como?”.

O autor parte da base de que na Galiza podemos acceder ao coñecemento e competencia en dúas linguas, galego e castelán, sen apenas esforzo e iso debe valorizarse como unha vantaxe, sobre todo pensando na formación integral dos fillos e fillas. Para o autor, é ilóxico desbotar desa formación unha das linguas presentes, case sempre a galega. Aposta, pois, por unha estratexia “sumativa” que garanta a adquisición de competencia en ambas linguas e desde elas a outras máis.

Interesante é, desde logo, a súa descrición das variadas estratexias de aprendizaxe que se despregan en contextos multilingües, como a OPOL (“One Parent,

One Language”, que cada proxenitor lle fale ao fillo/a nunha lingua), a ML@H (“Minority Language at Home”, empregar na casa sempre a lingua minorizada), a T&P (“Time and Place”, alternando o uso das dúas linguas en función do lugar e o momento) ou a “MLP” (“Mixed Language Policy”, facendo uso dunha ou doutra lingua en función da situación comunicativa). Ao seu ver, a máis conveniente no contexto galego sería, en principio, a estratexia ML@H, aínda que cada situación familiar pode requirir enfoques diversos e mesmo sucesivos.

En defensa da súa opción “sumativa”, Núñez Singala achega dez razóns xenéricas, que van desde a inesgotábel capacidade de aprender do ser humano á consideración desa aprendizaxe como un dereito elemental (“ninguén pode elixir falar nun idioma que descoñece ou no que se sente pouco competente”), pasando pola maior proxección profesional do individuo multilingüe ou polas repercusións positivas no seu saber “estar no mundo” e na súa “integración en sociedade” que esa competencia multilingüe lle confire.

Epígrafe tras epígrafe, Núñez Singala identifica e combate argumentadamente, ademais, preconceptos que están na base das actitudes de renuncia ou reparo sobre a aprendizaxe do galego que se viven en moitísimas familias, atemorizadas por presuntos problemas e “sobreesforzos” que se derivarían desa aprendizaxe ou convencidas da súa suposta “inutilidade”.

un manifesto rebelde contra todo isto, de manuel rivas

Eds. Xerais, Vigo, 2018.

Consagrado desde hai ben tempo como unha das voces imprescindíbeis da narrativa galega contemporánea, con achegas como *Un millón de vacas*; *Que me queres, amor?*; *O lapis do carpinteiro*; *Ela, maldita Alma*; *As chamadas perdidas*; *Os libros arden mal*; *Todo é silencio* e *O último día de Terranova*, Manuel Rivas Barrós (A Coruña, 1957) segue empeñado en non renegar das súas primixenias raíces xornalísticas e en exercer de maneira valente e particularmente lúcida, con abundantes doses de irónica retranca ademais, o espírito crítico nestes atribulados e desacougantes tempos, en que a suma de dinámicas negativas que se dan na sociedade, na política, na cultura, no medio ambiente ou na economía e que el propio resume no sintagma “todo isto”, parece deixar sen marxe para a esperanza a porción de humanidade máis desexosa de cambios positivos.

Un manifesto rebelde contra todo isto sitúase no ronsel de volumes anteriores do autor como *Un espía no reino de Galicia*, *Os Grouchos*, *A corpo aberto* e *Episodios galegos* e recolle, no fundamental, traballos previamente aparecidos en prensa, no suplemento *El País Semanal* e na revista *Luzes* que el propio e Xosé Manuel Pereiro veñen animando desde hai algúns anos, con perseveranza e frescura moi dignas de agradecer.

O volume consta dun total de once apartados, se ben cabe considerar o primeiro deles, titulado “Un manifesto rebelde”, unha exposición sintética e por momentos intensamente poética, a xeito de breviarío, daqueles temas e preocupacións obxecto de máis demorada atención nos seguintes apartados, que se

centran en problemáticas diversas e actuais como a corrupción e a intolerancia que campan nas instancias do poder (“A Hespaña do capitalismo máxico”), o presente e futuro do xornalismo (“Viva o xornalismo, cabrones!”), a memoria histórica (“Que futuro lles deixaremos aos nosos antepasados?”), a violencia patriarcal (“Desculpen as molestias, estannos matando”), os efectos socialmente devastadores da mal chamada *crise* e os dramas dos inmigrantes (“Sangue debaixo das multiplicacións”), o *procés* catalán e a reacción do estamento mediático-político-xudiciario-policial español fronte a el (“Eu non quero ter un inimigo”), a xenofobia, o armamentismo, a turistificación e a robotización (“O lugar dos porqués”) e o cambio climático e os dereitos dos animais, con referencia particular ás polémicas sobre a tauromaquia (“Cando os animais falan”).

No penúltimo apartado, “A literatura escrita na beira”, Rivas aposta pola “literatura insurxente” e rende homenaxe a algúns autores como Cervantes, Borges, John Berger, José Saramago ou o poeta galego Paco Souto, que nos foi arrebatado polo mar en Razo cando traballaba como percebeiro. O apartado final, co título “Herbas de cego”, reúne máximas, aforismos e reflexións de moi diversa índole, mais todas acordes co espírito libre, crítico e altermundista que impregna este libro, un “chutazo” de lucidez e un compendio de dedos ben metidos nas chagas que resulta, non hai nin que dicilo, de lectura recomendabilísima.



A CORUÑA en acuarelas

Eduardo Baamonde



Todo un agasallo para a vista e asemade para o corazón resulta este caderno de viaxe do artista vilalbés Eduardo Baamonde dedicado á urbe herculina, editado en datas recentes polo pequeno selo Almacén de Fábulas que pilota a súa propia compañeira Anabel Ramudo Carballeira e que se tirou do prelo das Gráficas Lar de Viveiro.

Na mellor tradición dos *flâneurs*, Eduardo, que exerce como profesor de debuxo no IES de Vilalonga (Sanxenxo), vén percorrendo desde hai tempo vilas e cidades do país cos seus cadernos de debuxo e as súas acuarelas, a fin de levantar novos e personalísimos mapas artísticos de todas esas localidades, con frescura e beleza a partes iguais.

Para Faktoría K de Libros, selo filial de Kalandraka, fixo en 2012 o álbum *Cambados*, ao que seguiron logo *O Grove*, editado en 2013 por Todogrove Edicións e máis *Vilalba e a Terra Chá (acuarelas)*, editado en 2015 polo Instituto de Estudos Chairegos. Xa co selo propio de Almacén de Fábulas, teñen saído posteriormente *De acuarelas por Pontevedra* (2015), *O Salnés en acuarelas* (2016), *De acuarelas por Viveiro* (2016) e *Santiago de Compostela en acuarelas* (2017).

a coruña en acuarelas, por eduardo baamonde

Almacén de Fábulas, Cambados, 2018.

O álbum que nos ocupa consta dun total de 64 páxinas e está presidido pola dedicatoria a Marga Castiñeira, *in memoriam*. Recóllense, como non podía ser menos, os lugares máis icónicos e emblemáticos da cidade, aqueles que ninguén perdoaría faltasen nun paseo polo máis entrañábel da xeografía “cascarilleira” (O Parrote, a Rúa Real, os Cantóns, os Xardíns de Méndez Núñez, a praza de María Pita, a Torre de Hércules, os xardíns de San Carlos, o castelo de San Antón...) mais tamén hai vistas de recunchos de encanto inédito, imaxes de edificios singulares e mesmo certos “detalles” ornamentais que pasan polo xeral desapercibidos nos guías turísticos, como algunhas cariátides.

As acuarelas de Baamonde, aínda que homenaxean explicitamente os arquitectos e arquitectas de onte e de hoxe que conferiron tanta beleza espallada á urbe, están non obstante cheas tamén de xente, de vida e de memoria histórica. Precisamente ese equilibrio entre o estatismo do debuxo e a sensación luminosa que transmiten as cores e as figuras humanas que as poboan en rúas, bares, terrazas, xardíns, peiraos, mercados, etc. é, ao noso humilde entender, un dos encantos do álbum.

Imaxinamos as moitas utilidades didácticas que un material así de bonito e interesante pode estimular e agardamos que o talento de Eduardo e as “economías” de Anabel non atopen freo para que aparezan novos álbums referidos a tantas outras localidades do país que tamén agardan unha ollada limpa e pura que as enxalce en chave artística.

Pódese acceder a unha parte da obra de Eduardo no seu blog persoal <http://eduardobaamonde.blogspot.com/> e a algúns contidos dos propios álbums de acuarelas que citamos en <http://almacendefabulas.com>.

a última lección

O mestre lembrou un mediodía: trinta e seis anos xa.
E pensou (unha vez máis): “Que vello todo
dende aquelas leccións...
Tanta sabedoría, e xuño xa é novembro.
A vida foi caendo deste lado
con todas as reliquias, que as houbo”.

Hai que deixar a Aníbal cos seus elefantes
nalgún limbo fantástico.
Hai que dicir un réquiem no derradeiro acto
de todas as comedias festexadas,
darlle unha sombra a Heráclito,
despedirse de Beatriz cun paporroibo,
incluso de Cernuda e outros puros doentes.

As esixencias do presente pasan
por riba das liláceas e dos ornamentos;
Shakespeare morreu no 1616;
os poetas agora merendan mortadela,
conducen autobuses de lóstrego vermello,
xogan ás cartas cos vellos mariñeiros
que teñen ombros anchos e non saben de Homero;
os que tampouco leron a Edmundo D’Amicis
nin saben que Platero foi un día adoptado
polos anxos dos hortos.

Os alumnos deseñan a nova economía,
ensanchan os espazos,
cuestionan o correcto, certos dogmas,
o mundo da metáfora
que nunca entenden as telefonistas;
cruzan as pontes: xa son doutra ribeira.
Están sempre máis lonxe.
O saxo de Coltrane arróupaos unha noite,
e algún orgasmo cerebral, a maiores.

A onde van nosoutros non iremos:
imos sempre parar a algún pasado,
nesa onda que o vai levando todo.

Puidera semellar non ter sentido.

A lección derradeira (destinada ao esquecemento)
foi impartida á beira dunhas bágoas.

Era xoves, chuvioso,
puntualmente inverno,
e sen maior noticia.

Manuel Álvarez Torneiro

Os ángulos da brasa, 2012

SEDES DE STEG

A CORUÑA

Rúa Cordonería,2 15002 A Coruña

Tfno/Fax 981154031

corunha@steg.gal

Horario de atención de sede: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

e os luns e xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Pitelos nº 25, local 32, Galerías Viacambre 15702 Santiago de Compostela

Tfno/Fax 981580700

compostela@steg.gal

Horario de atención de sede: de luns a xoves de 9:00 a 15:00 h. Venres de 9:00 a 14:00 h.

Martes e xoves tamén de 17:00 a 19:00h.

LUGO

Rúa Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/Fax 982240066

lugo@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves

tamén de 17:00 a 19:00 h.

OURENSE

Rúa Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense

Tfno/Fax 988252323

ourense@steg.gal

Horario de atención de sede: luns, mércores e venres de 10:30 a 14:30 h.; nartes e xoves

de 10:00 a 14:00h. Luns e martes tamén de 17:00 a 19:00h.

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno/Fax 986 85 75 45

pontevedra@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e martes e xoves

tamén de 17:30 a 19:30 h.

aulas
libres **11**